



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023. (EXPEDIENTE 2023/G010/000011).

<p>ASISTENTES:</p> <p>Alcalde-Presidente: D. José Manuel López Varela (PP)</p> <p>Concelleiros/as: Dna. Patricia María Bello Canedo (PP) D. Pablo Cambón Bértoa (PP) D. José Alberto Blanco Veiga (PP) Dna. M^a Almudena Martínez Pérez (PP) D. Juan Carlos Amado Collazo (PP) Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas (PP) D. Manuel García Montes (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP) Dna. Carolina Castiñeiras Brandón. (BNG) D. Xosé M^a Cotelo Freire (BNG) D. David Antonio Bermúdez Lamas (BNG) Dna. Inés Ramos López. (PSOE).</p> <p>Non asiste: <i>(xustificando a ausencia)</i> D. José Ramón Martínez Barbeito (PP). Dna. M^a del Rocío López Rey (PP) Dna. Verónica Pérez Verdía (PP) Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE)</p> <p>A secretaria: Dna. Marta Vázquez Garea</p> <p>O interventor: D. Eduardo Mera Rico</p> <p>O tesoureiro D. Jorge Vidal Zapatero</p>	<p>No salón de plenos do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do 26 de outubro de 2023, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro.</p> <p>Foron asistidos pola secretaria, interventor e tesoureiro municipais.</p>
--	--

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia debido a que as ordenanzas fiscais teñen que estar operativas a principios de ano.

1.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial e Contas, celebrada o 20/10/2023, que se transcribe no seu literal:

<<1.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Dáse conta da proposta de alcaldía, “Modificación da ordenanza 1.1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A actual ordenanza do imposto sobre bens inmóbles (IBI), aprobada polo Pleno do Concello do 04.01.2018 e publicada definitivamente no BOP do 28.02.2018.

Foi efectuada unha comparativa dos tipos de gravame aplicados por outros concellos da comarca e de similar tramo poboacional e a realidade é que o noso Concello é o único que está a aplicar os mínimos legais e supletorios para o IBI urbano e rústico, resultando que o promedio con outros concellos están no 0,51% de IBI urbana e o 0,60% para IBI rústica.

A situación actual dos Concellos invita a mellorar a corresponsabilidade fiscal de cada administración nun momento en que se está negociando a volta das regras fiscais que poden limitar grandemente o emprego do remanente de tesourería para afrontar gastos necesarios en cada exercicio. Así, se considera que é necesario que o Concello aumente a súa capacidade de recaudación para poder seguir prestando ou ampliando os servizos prestados á veciñanza.

Tendo en conta o anterior e en relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 1.1 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido dos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, previos informes da Secretaría e Intervención e tras o ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.1 reguladora do imposto sobre bens inmóbles que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

O tesoureiro municipal fai unha breve explicación da proposta da Alcaldía

Sométese a proposta a votación, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP: D. Manuel García Montes, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna. María Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Cristina Vieites Calvo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas; **2 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal de BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé María Cotelo, e **1 abstención** da persoa que integran o grupo municipal do PSOE: Alba Dolores Toba Ferreiro.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Aclara o Sr. Alcalde que todos os puntos pasaron pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas.

Toma a palabra Dna. Carolina Castiñeiras, voceira do grupo municipal do BNG, comenta que miraron a proposta en profundidade, pensan que non é desorbitada, sen embargo votan en contra porque sumando os outros impostos aumenta no conxunto, e no actual contexto de inflación parece que non é o momento axeitado, xa sabe que nunca é o momento, pero xustamente agora non.

O Sr. Alcalde indica que leva desde sempre no 0,44% e agora pasa ó 0,9%. Na comarca so hai dous concellos no 0,44%, Carballo e A Laracha, e o incremento vai a ser nos dous, e aínda así se segue no máis baixo da comarca e da Costa da Morte. Ó redor da Coruña hai incrementos en Cambre, Culleredo, Oleiros incluso Ponteceso, Cerceda, o promedio é do 0,51%

De seguido di que a subida ven motivada, xa que segundo todos os indicios, no ano 2025 non vai a ser posible usar os remanentes, por exixencias da Unión Europea e por o déficit acumulado do Estado.

Finalmente sostén que o coste dos servizos vai en aumento, non é de bo gusto, pero sucede en todas as administracións públicas, e hai que ser consecuente cos servizos que hai que manter; tamén hai incrementos nos salarios, nos combustibles, e estase traballando nunha nova Relación de Postos de Traballo...

Concluídas as intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por MAIORÍA de **9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, Dna. Patricia María Bello Canedo, D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna M^a Almudena Martínez Pérez, D. Juan Carlos Amado Collazo , Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 votos en contra** das persoas que



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

integran o grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M^a Cotelos Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas; e **1 voto en contra** da concelleira do grupo municipal do PSOE: Dna. Inés Ramos López, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.1 reguladora do imposto sobre bens inmobles que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE).

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial e Contas, celebrada o 20/10/2023, que se transcribe no seu literal:

<<2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE).

Dáse conta da proposta de alcaldía, “Modificación da Ordenanza fiscal 1.2 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 1.2 REGULADORA IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

A actual ordenanza do IAE, aprobada polo Pleno do Concello mediante acordo plenario do 4 de xaneiro de 2018, debe ser actualizada por non reflectirse na redacción actual a realidade económica do incremento que se está a producir na actividade económica no municipio, en grande medida polo pulo do Parque empresarial da Laracha.

O Parque Empresarial e os seus contornos presentan unha casuística específica para o Concello que implican unhas necesidades específicas en materia de ordenación urbanística, infraestruturas, de mobilidade, saneamento, etc que xustifican un tratamento diferenciado respecto doutros espazos do municipio. Esta circunstancia, unida á capacidade económica que presentan os negocios da zona empresarial e a súa potencialidade para contribuir ao financiamento municipal, determinan a conveniencia de crear unha categoría fiscal específica e un coeficiente de situación diferenciado



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

respecto das demais empresas do municipio. Débese recordar , por están exentos deste imposto aqueles que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 €, polo que só as empresas que facturen máis deste importe e estean situadas en terreos industriais, como o parque empresarial, se verán afectadas por esta medida.

Tamén se mellora e concreta a redacción da bonificación por fomento do emprego, que tiña aspectos sen desenvolver, como son a determinación da creación neta de emprego e o procedemento de concesión da bonificación.

Tendo en conta o anterior e en relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 1.2 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido dos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, previos informes da Secretaría e Intervención e tras o ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.2 reguladora do imposto que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

O tesoureiro municipal fai unha breve explicación da proposta de Alcaldía

Sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP: D. Manuel García Montes, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna. María Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Cristina Vieites Calvo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas; **2 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal de BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé María Cotelo, e **1 abstención** da persoa que integran o grupo municipal do PSOE: Alba Dolores Toba Ferreiro.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

A voceira do grupo municipal do BNG, Dna. Carolina Castiñeiras, indica que o voto vai a ser a favor, afirma que é unha proposta proporcionada, os seus destinatarios son os que teñen máis capacidade económica.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Sen máis intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.2 reguladora do imposto que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial e Contas, celebrada o 20/10/2023, que se transcribe no seu literal:

<<3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM).

Dáse conta da proposta de alcaldía, “Modificación da Ordenanza fiscal 1.3 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 1.3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

A actual ordenanza do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), unha redacción en vigor que data do 2013 e precisa ser actualizada, por estar por debaixo do promedio de concellos de similar tamaño e ubicación.

Se actualizan de ese modo os coeficientes aplicables e se mellora a redacción das bonificacións existentes para acomodarse aos novos tempos.

Tendo en conta o anterior e en relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 1.1 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido dos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, previos informes da



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Secretaría e Intervención e tras o ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

O tesoureiro municipal fai unha breve explicación da proposta de Alcaldía

Sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP: D. Manuel García Montes, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna. María Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Cristina Vieites Calvo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas; **2 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal de BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé María Cotelos, e **1 abstención** da persoa que integran o grupo municipal do PSOE: Alba Dolores Toba Ferreiro>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra Dna. Carolina Castiñeiras, indica que o voto vai a ser en contra, están a favor da mellora na redacción das bonificacións existentes, e da que se engade, di que nalgúns tramos o incremento vai a ser considerable sumado ó resto das subas. Poderíase aguantar uns anos máis.

O tesoureiro municipal explica que a maior parte dos vehículos son de 8-12 CV e 12-16 CV. O prezo medio é de 0,63 €/por coche no primeiro tramo, 1,70 €/coche no segundo tramo e 7,19 €/coche no último.

Conclúe o Sr. Alcalde afirmando que é unha actualización non desproporcionada, canto máis cabalos ten o coche, máis se incrementa o coeficiente, a maioría dos coches están entre 8-16 CV e a subida é insignificante.

Sen máis intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo Municipal do PP: D. José Manuel López



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Varela, Dna. Patricia María Bello Canedo, D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna M^a Almudena Martínez Pérez, D. Juan Carlos Amado Collazo , Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 votos en contra** das persoas que integran o grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M^a Cotelo Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas; e **1 voto en contra** da concelleira do grupo municipal do PSOE: Dna. Inés Ramos López, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 1.3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin

4.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO LIXO

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial e Contas, celebrada o 20/10/2023, que se transcribe no seu literal:

<<4.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO LIXO.

Dáse conta da proposta de alcaldía, “Modificación da Ordenanza Fiscal 3.40 reguladora da Taxa por Recollida do Lixo”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 3.40 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

A actual ordenanza reguladora da taxa do lixo, modificada na súa última redacción no 2012 debe ser actualizada por estar este Concello por debaixo da media dos Concellos da comarca e de similares características e por ser manifestamente insuficiente a taxa para cubrir o custo do servizo.

Iso implica homologar o importe das taxas para as vivendas urbanas e no rural conforme o promedio doutros concellos da comarca, tentando que a taxa cubra unha maior porcentaxe do custo do servizo, que na actualidade non chega ao 60 por 100.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Tendo en conta o anterior e en relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal número 3.40 do Concello da Laracha, pola Alcaldía, de conformidade co establecido dos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, previos informes da Secretaría e Intervención e tras o ditame da Comisión Informativa de Contas e Facenda, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 3.40 reguladora da taxa do lixo que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

O tesoureiro municipal fai unha breve explicación da proposta de Alcaldía

A Presidencia abre a quenda para o debate:

...//...

Sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP: D. Manuel García Montes, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna. María Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Cristina Vieites Calvo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas; **2 abstencións** das persoas que integran o grupo municipal de BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé María Cotelo, e **1 abstención** da persoa que integran o grupo municipal do PSOE: Alba Dolores Toba Ferreiro>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Dna. Carolina Castiñeiras, indica que hai unha suba importante para as vivendas, un 25% de incremento para a vivenda no rural, e iso que o grupo municipal do PP fala de dinamizar o rural. Tamén o incremento é importante na hostaleira e nas pequenas e medianas empresas, un 24% para os establecementos medios. Aqueles que teñen entre 31-100 metros cadrados de superficie a suba e de algo máis do 30%.

De seguido di que o servizo é deficitario, non sabe se existe algún lugar onde non o sexa. O modelo de SOGAMA non é o axeitado, e non se vai resolver aquí.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O Sr. Alcalde comenta que é unha taxa que se ten que autofinanciar, o déficit é grande, algo habería que facer co prezo do lixo.

A recollida de voluminosos e a xestión do punto limpo, son de balde, pero costa 52 € a recollida, transporte e tratamento en SOGAMA, para a vivenda no rural, e 62 € ou 63 € para a vivenda urbana.

Só en hostalaría a produción de residuos diarios é importante, por iso se separa noutro tramo.

Existe déficit pois o custo que cubre o servizo é do 57%, o resto cóbrese con outra parte do orzamento. Concellos dentro do consorcio pagan polo mesmo servizo 125 €, e quérese incrementar a 175 €/ano a vivenda.

Entonces, ou noutros lados faixe caixa ou o servizo é o que realmente costa. Fai unha chamada a sensatez.

Toma a palabra Dna. Carolina Castiñeiras, di que tense que falar do noso concello, porque tamén poderíamos compararnos noutras cousas. Agora habería que facer un esforzo ata que a cousa mellore.

O Sr. Alcalde pregunta por que non hai críticas do grupo municipal do BNG as subidas enerxéticas?

Responde Dna Carolina Castiñeiras que xa o fan.

Para rematar, o Sr. Alcalde comenta que temos que ser sensatos, hai que dicir cales son os motivos dos incrementos, cóbrese un 70% queda un 30% .

Concluídas as intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, Dna. Patricia María Bello Canedo, D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, Dna M^a Almudena Martínez Pérez, D. Juan Carlos Amado Collazo , Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 votos en contra** das persoas que integran o grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M^a Cotelo Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas; e **1 voto en contra** da concelleira do grupo municipal do PSOE: Dna. Inés Ramos López, o ACORDO seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal 3.40 reguladora da taxa do lixo que figura no expediente.

SEGUNDO. Anunciar a modificación da ordenanza fiscal no Taboleiro de anuncios da entidade, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, para a súa exposición pública durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

TERCEIRO. Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

REMATE DA SESIÓN.

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 13:55 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión. Autorízase esta acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.